

ANÁLISE  
SOCIOLINGÜÍSTICA DO  
CMUS PROFESIONAL  
DE VIGO

CURSO 2021-2022

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

## Índice

Índice	2
Introdución	3
Resultados das enquisas	5
1. Preguntas sobre a lingua inicial.	7
2. Preguntas sobre o dominio do galego.	7
3. Preguntas sobre usos lingüísticos en xeral.	10
4. Preguntas sobre actitudes lingüísticas en xeral.	15
5. Preguntas sobre usos lingüísticos no Conservatorio.	18
6. Preguntas sobre actitudes lingüísticas no Conservatorio.	25
7. O condicionamento do xénero nos resultados da enquisa	26
Conclusións	29

## Introdución

Durante o curso académico 2021-2022, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do Conservatorio Profesional de Música de Vigo elaborou unha enquisa sociolingüística que distribuíu entre todos os membros da comunidade educativa, co obxectivo de coñecer a situación da lingua galega no centro, e utilizar os resultados como base para futuras accións dinamizadoras.

Para conseguir a maior participación posible por parte da comunidade, decidimos imprimilas en papel e entregalas fisicamente, en lugar de decantarnos por outras opcións en liña a pesar da comodidade e facilidade á hora de cubrilas e recoller datos que presentan estas. O procedemento que seguimos para a súa realización foi o seguinte:

Unha vez deseñadas as enquisas, con diferencias mínimas en función do colectivo ao que ían dirixidas, empregamos tamén diferentes métodos para a entrega e a recollida das mesmas:

No caso do profesorado, a coordinadora do EDLG entregou a enquisa persoalmente na sesión de avaliación celebrada o día 1 de decembro de 2021. Deuse a opción de entregala cuberta á finalización da mesma, opción á que se acolleu unha gran maioría, ou ben deixala en conserxería dirixida ao equipo.

No caso do alumnado, diferenciamos o sistema de realización entre o alumnado de grao elemental e profesional:

- O alumnado do grao profesional cubriu as enquisas no propio centro, dedicando uns minutos na clase para a súa realización. Como entre clase e clase hai uns minutos para a ventilación das aulas, pareceunos o momento idóneo para realizalas. Escolléronse as materias de linguaxe musical, análise e harmonía para que todo o alumnado, de todos os cursos e especialidades puideran participar. O profesorado desas materias foi o encargado de repartilas e recollelas cubertas na mesma sesión.
- Para o alumnado de grao elemental decidimos enviar as enquisas a casa, e que foran as familias as que axudaran ao alumnado na súa realización. O profesorado de Linguaxe Musical encargouse de entregar as enquisas e recollelas cubertas á semana seguinte.

O profesorado, tanto de grao profesional como de elemental, remitiu ao Xefe de Estudos as enquisas cubertas.

No caso do persoal non docente, o Xefe de Estudos entregou persoalmente as enquisas a cada un dos membros deste colectivo, que despois devolveron cubertas á mesma Xefatura.

Unha vez reunidas todas as enquisas, foron recollidas na Xefatura de Estudos pola coordinadora do EDLG quen procedeu a análise dos datos que aquí se presentan.

Partimos dos seguintes datos proporcionados pola secretaría do centro, que nos axudaron a establecer porcentaxes de participación: No curso 2021/2022, as persoas que conforman a comunidade educativa do Conservatorio Profesional de Música de Vigo son:

Alumnado: 576 (324 mulleres e 252 homes)

Profesorado: 73 (35 mulleres e 38 homes)

Persoal non docente: 8 (6 mulleres e 2 homes)

En total, recolléronse 444 enquisas: 376 correspondentes ao alumnado, 62 ao profesorado e 6 ao persoal non docente. Estas cifras supoñen unha participación do 65,28% do alumnado, un 84,93% do profesorado e un 75% do persoal non docente. Tendo en conta este índice de participación da comunidade educativa do Cmus Profesional de Vigo, consideramos que os resultados da enquisa son bastante representativos da realidade sociolingüística do centro.

As enquisas estaban compostas por un total de 18 preguntas no caso do persoal non docente e 19 tanto para profesorado como para alumnado. Estas preguntas ían encamiñadas a recoller datos sobre competencias lingüísticas, actitudes lingüísticas e usos lingüísticos dentro e fóra do conservatorio. Así mesmo necesitabamos algúns datos persoais para considerar a existencia de factores condicionantes nos usos e competencias lingüísticas como a idade, situación xeográfica, xénero, etc.

Das 444 enquisas recibidas, 348 corresponden a persoas que viven no concello de Vigo. As restantes son persoas de concellos da contorna ou persoas que non especificaron o seu lugar de residencia, salvo catro casos que residen na provincia de A Coruña.

Para facilitar a análise e comprensión da mesma, centrámonos nos resultados xerais da comunidade educativa con respecto a cada pregunta. Especificamos tamén o grupo (profesorado, alumnado e persoal non docente) para mostrar, se é o caso, as diferencias entre eles e diverxencias con respecto aos resultados xerais.

## Resultados das enquisas

### 1. Preguntas sobre a lingua inicial.

Á pregunta de *En que lingua aprendeu a falar?* Os resultados obtidos son os seguintes:

En que lingua aprendeu a falar?	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
As dúas	172	0	15	187
Castelán	181	2	35	218
Galego	17	4	6	27
Outras	6	0	6	12
<b>Total xeral</b>	<b>376</b>	<b>6</b>	<b>62</b>	<b>444</b>

Como se pode observar nestes resultados xerais, o castelán é a lingua na que a maioría das persoas preguntadas aprendeu a falar, se ben uns resultados non demasiado afastados correspóndense cunha aprendizaxe bilingüe en castelán e galego. Podemos matizar algúns aspectos se analizamos estes mesmos datos por colectivo, xa que os resultados amosan diferencias interesantes:





Se analizamos os datos correspondente ao profesorado, os datos indican unha diferenza considerable entre os que aprenderon a falar en castelán (56,45%) o os que o fixeron nas dúas linguas, galego e castelán (24,19%). Sen embargo, ao analizar a gráfica correspondente ao alumnado, o número de persoas que aprenderon a falar en castelán (48,14%) con respecto ás que aprenderon nas dúas linguas (45,74%) é moi parello.

A porcentaxe de persoas que aprenderon a falar en galego é moi baixa tanto nos colectivo de profesorado (9,68%) como no de alumnado (4,52%), sen embargo, no colectivo do persoal non docente é a maioría (66,67%).

Por último, salientar que aprenderon a falar noutras linguas o 2,70% da comunidade educativa, porcentaxe que se incrementa ata o 3,16% se temos en conta aquelas persoas que ademais de galego e castelán, introduciron algunha outra lingua na aprendizaxe. No caso específico do profesorado, esta porcentaxe elévase máis, ata o 9,68%, igualando a cifra das persoas que aprenderon a falar en galego.

No seguintes gráficos pódense ver con maior claridade os resultados Comentados con respecto a esta pregunta

### *En que lingua aprendeches a falar?*



## 2. Preguntas sobre o dominio do galego.

Para observar o dominio do galego na comunidade educativa, introducimos na enquisa catro cuestións das que mostramos os resultados a continuación:


### 2.1. *Que grao de dificultade ten para falar en galego?*

En todos os colectivos a maioría afirma non ter ningunha dificultade para falar o galego.

Que grao de dificultade ten para falar en galego?				
Etiquetas de fila	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Algunha	137	1	21	159
Moita	7	0	3	10
Ningunha	230	5	38	273
En branco	2	0	0	2
<b>Total</b>	<b>376</b>	<b>6</b>	<b>62</b>	<b>444</b>

Aínda así, non deixa de ser significativo que 38,30% do alumnado e o 38,71% do profesorado amose algunha ou moita dificultade para falar en galego. A presenza no centro de persoas estranxeiras e doutras comunidades autónomas explica parte desta realidade.

Enlazando cos resultados da lingua na que se aprendeu a falar, é no colectivo do persoal non docente no que a porcentaxe de persoas sen dificultades para falar en galego é máis alta, cun 83,33%.




## 2.2. *Que grao de dificultade ten para escribir en galego?*

Aínda que o resultado é practicamente igual ao da pregunta anterior, neste caso obsérvase un lixeiro aumento das repostas nos apartados de moita e algunha dificultade nos colectivos de profesorado e alumnado.

Que grao de dificultade ten para escribir en galego?				
	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Algunha	133	1	22	156
Moita	7	0	3	10
Ningunha	203	5	37	245
<b>Total xeral</b>	<b>343</b>	<b>6</b>	<b>62</b>	<b>411</b>

Alumnado (co 40,16%) e profesorado (co 40,32%) mostran unha dificultade algo maior para escribir que para falar en galego. O colectivo do persoal non docente resposta de igual maneira que á pregunta anterior cun 83,33% que afirman non ter dificultades nin para falar nin para escribir.

Na gráfica correspondente a esta pregunta pódese ver un debuxo moi similar ao da pregunta anterior:





### 2.3. *Que grao de dificultade ten para entender o galego?*


As persoas sen dificultades neste apartado son claramente a maioría nos tres colectivos, cun resultado xeral do 88,74% de persoas que non teñen dificultades para entender o galego.

Que grao de dificultade ten para entender galego?				
	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Algunha	44	0	3	47
Moita	3	0	0	3
Ningunha	329	6	59	394
<b>Total xeral</b>	<b>376</b>	<b>6</b>	<b>62</b>	<b>444</b>

O 87,50% do alumnado, o 95,16% do profesorado e o 100% do persoal non docente afirman non ter *ningunha dificultade* para entender o galego.

O máis salientable é quizais o caso do alumnado, que afirmando que aprenderon a falar nas dúas linguas nunha porcentaxe maior que o resto de colectivos, o 11,56% afirma ter algunha dificultade e o 0,94% afirma ter moita dificultade para entender o galego.

Na gráfica seguinte pódese observar aínda con maior claridade o antes sinalado.




## 2.4. Que grao de dificultade ten para ler en galego?

Neste caso os resultados son moi semellantes aos da pregunta anterior, mesmo parecen un calco. No total das persoas consultadas, o 89,64% afirma non ter *ningunha dificultade* para ler en galego.

Que grao de dificultade ten para ler o galego?				
	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Algunha	35	0	4	39
Moita	6	0	1	7
Ningunha	335	6	57	398
<b>Total xeral</b>	<b>376</b>	<b>6</b>	<b>62</b>	<b>444</b>

Se analizamos os datos por colectivo, afirman non ter ningunha dificultade o 89,10% do alumnado, o 91,94% do profesorado e o 100% do persoal non docente. Nos apartados de algunha ou moita dificultade novamente atopamos os resultados máis avultados no colectivo do alumnado, onde sumados supoñen un 10,91% do total. No colectivo do profesorado estaríamos falando dun 8,06%.



## 3. Preguntas sobre usos lingüísticos en xeral.

### 3.1. Que lingua usa habitualmente?


Á vista dos resultados obtidos, podemos afirmar unha tendencia ao bilingüismo con predominio do castelán.

Que lingua usa habitualmente?				
	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Máis castelán	247	4	35	286
Máis galego	31	1	7	39
Só castelán	95	1	16	112
Só galego	1	0	4	5
En Branco	2	0	0	2
<b>Total xeral</b>	<b>376</b>	<b>6</b>	<b>62</b>	<b>444</b>

Entre o alumnado, ese bilingüismo supón un 73,93%, pero con claro predominio do castelán, pois do total de bilingües, a diferenza entre aqueles que afirman falar máis castelán (65,69%) e os que afirman falar máis galego (8,24%) é enorme. Son monolingües en castelán o 25,27% e monolingües en galego soamente o 0,27%.

Entre o profesorado, a tendencia ao bilingüismo castelán-galego diminúe un pouco e chega ao 67,74%. Como sucedía co alumnado, a porcentaxe do profesorado que fala as dúas linguas favorece ao castelán cun 56,45% que fala máis castelán e un 11,29% que fala máis galego. En canto á porcentaxe do profesorado monolingüe en castelán é similar, 25,81% pero a porcentaxe de profesorado monolingüe en galego é algo máis alta, dentro de ser unhas cifras moi pequenas, co 6,45%.

En canto ao persoal non docente, non existen monolingües en galego. O total de bilingües ascende a 83,33% e o de monolingües en castelán 16,67%.




Ligada á pregunta anterior, a seguinte dicía así: *Cales son os motivos polos que non fala en galego?* Moitas persoas deixaron en branco esta pregunta, xa que estaba dirixida a aquelas persoas que á pregunta anterior responderan as opcións de castelán. O total de respostas neste caso supera os 444, número de enquisas recollidas, porque ao tratarse dunha pregunta con resposta múltiple, un total de 45 persoas responderon máis dunha opción. Aparecen tanto na táboa como na gráfica as respostas totais.

Cales son os motivos polos que non fala en galego?				
	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Por ambiente castelán falante	245	4	29	278
Por falta de fluidez	33	0	6	39
Porque non me gusta falalo	23	0	3	26
Porque nunca o falei	17	1	11	29
Outros	48	1	3	52
En branco	45	1	15	61
<b>Total xeral</b>	<b>411</b>	<b>7</b>	<b>67</b>	<b>485</b>

Como podemos observar a resposta maioritaria en todos os colectivos correspóndese co feito de estar nun ambiente castelán falante. Máis da metade das persoas enquisadas, o 57,32%, afirman que o ambiente castelán é o motivo principal polo que non falan galego.

Deixando á marxe as respostas en branco, a resposta máis numerosa en segundo lugar para profesorado e persoal non docente é a de *porque nunca o falei*, cun 16,42% e un 14,19% respectivamente. Para o alumnado, a segunda razón máis escollida é a opción *outros*, cun 11,68%, polo que as causas son diferentes ás propostas e quizais máis variadas.




### 3.2. *En que lingua responde cando lle falan galego?*

Os datos xerais indican que a maior parte dos membros da comunidade educativa responde na lingua que lle falan. Neste caso, respostan sempre en galego cando lle falan galego un 62,23% do alumnado, un 58,06% do profesorado e un 50% do persoal non docente.

En que lingua responde cando lle falan en galego?				
	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Castelán	23	0	11	34
Galego	234	3	36	273
Depende do lugar	18	0	4	22
Depende da persoa	100	3	11	114
En Branco	1	0	0	1
<b>Total xeral</b>	<b>376</b>	<b>6</b>	<b>62</b>	<b>444</b>

É importante destacar a porcentaxe de membros da comunidade que respostan na mesma lingua na que lle falan ou non dependendo da persoa. Supón un non desprezable 26,60% no caso do alumnado, un 17,74% no caso do profesorado e un 50% no caso do persoal non docente. O número de persoas que fan depender a súa resposta do lugar é moito menor: 22 persoas que supoñen un 4,95% do total.

Pero, sen dúbida, o dato que máis chama a atención é o do número de persoas do colectivo do profesorado que sempre resposta en castelán cando lle falan en galego, que chega ao 17,74%, fronte ao 6,12% do alumnado ou o 0% do persoal non docente.




### 3.3. *En que lingua responde cando lle falan castelán en Galicia?*

De xeito semellante ao que sucede coa pregunta anterior, neste caso a maioría da comunidade responde en castelán cando lle falan en castelán en Galicia. As porcentaxes dos que así o fan son do 74,20% do alumnado, o 61,29% do profesorado e o 50% do persoal non docente. Pódese observar como o persoal non docente segue no 50%, mentres que o profesorado e o alumnado aumenta considerablemente, sendo o alumnado o colectivo que máis utiliza o castelán neste contexto.

Compre salientar que un 6,45% do profesorado contesta sempre en galego, algo que non sucede nos outros dous colectivos, cun moi tímido 1,86% do alumnado e un contundente 0% do persoal non docente.

En que lingua responde cando lle falan castelán en Galicia?				
	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Castelán	279	3	38	320
Galego	7	0	4	11
Depende do lugar	17	1	8	26
Depende da persoa	70	2	12	84
En branco	3	0	0	3
<b>Total xeral</b>	<b>376</b>	<b>6</b>	<b>62</b>	<b>444</b>

Como podemos observar, un dos factores que máis condiciona a lingua empregada volve ser a persoa coa que se fala, como así mostran o 18,62% do alumnado, o 19,35% do profesorado e o 33,33% do persoal non docente.




## 4. Preguntas sobre actitudes lingüísticas en xeral.

### 4.1. *Gustaríalle aprender ou mellorar o seu galego?*

En xeral, as actitudes cara a aprendizaxe ou mellora do galego son positivas nos tres colectivos. Ao 60,9% do alumnado, 59,68% do profesorado e ao 66,67% do persoal non docente gustaríalles moito ou bastante mellorar o seu galego. É tamén significativo o número de enquisados que amosa indiferenza neste tema, que chega a unha porcentaxe do 30,05% do alumnado, 29,03% do profesorado e 33,33% do persoal non docente.

Gustaríalle aprender ou mellorar o seu galego?				
	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Moito	121	1	17	139
Bastante	108	3	20	131
Indiferente	113	2	18	133
Pouco	17	0	6	23
Nada	16	0	1	17
En branco	1	0	0	1
<b>Total xeral</b>	<b>376</b>	<b>6</b>	<b>62</b>	<b>444</b>

Observase unha actitude lixeiramente máis negativa entre o profesorado: ao 11,29% do profesorado gustaríalles pouco ou nada mellorar o seu galego, unha porcentaxe algo máis elevada que a correspondente ao alumnado (8,78%). En canto ao persoal non docente, con ese 0% afirma non ter actitude negativa en absoluto con respecto á lingua galega.




#### 4.2. *Que lle parece que se potencie o uso do galego?*

A esta pregunta si que a resposta é maioritariamente positiva. A porcentaxe máis alta é a do persoal non docente (100%), seguida do alumnado (81,12%) e do profesorado (79,03%).

Que lle parece que se potencie o uso do galego?				
	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Ben	305	6	49	360
Indiferente	65	0	12	77
Mal	5	0	1	6
En branco	1	0	0	1
<b>Total xeral</b>	<b>376</b>	<b>6</b>	<b>62</b>	<b>444</b>

Con todo, para o 16,56% do alumnado e o 19,35% do profesorado a potenciación do galego élles indiferente.

O número de enquisados aos que lles parece mal é moi baixo. Esas 6 persoas en total supoñen unha porcentaxe do 1,33% do alumnado e 1,61% do profesorado.





Unha pregunta analizada no apartado 3 sobre usos lingüísticos, tamén dá información sobre actitudes negativas existentes con respecto á lingua galega. Preguntabamos o por que de non falar galego, e entre outras respostas figuraba a de *porque non me gusta falalo*.

Cales son os motivos polos que non fala en galego?				
	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Porque non me gusta falalo	23	0	3	26
<b>Total xeral</b>	<b>23</b>	<b>0</b>	<b>3</b>	<b>26</b>

Soamente 26 persoas escolleron esta opción como razón para non falar en galego, opción que representa un 5,60% no caso do alumnado e un 4,48% no caso do profesorado. Non hai ninguén que dera esa resposta dentro do colectivo do persoal non docente.



## 5. Preguntas sobre usos lingüísticos no Conservatorio.

Ata o momento todas as preguntas eran formuladas de igual maneira aos tres colectivos. Neste apartado figuran pequenas variacións nalgúns preguntas atendendo ao colectivo ao que van dirixidas. Estes son os resultados que obtivemos:

### 5.1. *En que lingua fala co resto de alumnado / compañeiros/as / profesorado do conservatorio?*

As opcións máis escollidas nos tres colectivos son as opcións do castelán: Se collemos as cifras do total xeral, as persoas que empregan o bilingüismo con maior peso do castelán representan un 33,11% e as persoas monolingües en castelán supoñen un 56,08%.

En que lingua fala co resto do alumnado/profesorado/ compañeiros e compañeiras do conservatorio?				
	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Máis castelán	116	4	27	147
Só castelán	231	1	17	249
Máis galego	8	1	7	16
Só galego	1	0	6	7
En branco	20	0	5	25
<b>Total xeral</b>	<b>376</b>	<b>6</b>	<b>62</b>	<b>444</b>

Se analizamos por colectivo, aínda que prevalece sempre o castelán, existen diferencias importantes:

Entre o profesorado, a tendencia é claramente a expresarse máis en castelán. O 27,42% fala só en castelán, que sumado ao 43,55% que di falar máis castelán, fan un total de 70,97%. Mentres que a porcentaxe que favorece ao galego é do 11,29%, sendo só un 9,68% os que se expresan exclusivamente en galego.


No caso do alumnado esta tendencia é aínda máis marcada, pois un 92,29% toma, dun ou doutro xeito, a opción a prol do castelán: o 61,44% só se relaciona en castelán e o 30,85% utiliza máis o castelán que o galego. Por

contra, o galego é empregado en maior medida por un 2,19%, e a porcentaxe de alumnado que emprega o galego de forma exclusiva é un 0,31%.

O persoal non docente, mantense no bilingüismo con inclinación ao castelán: o 83,33% utiliza máis castelán e o 16,67% máis galego. As opcións monolingües non son escollidas.

Como vemos, os datos xerais indican que a tendencia maioritaria entre todos os membros da comunidade educativa é a falar máis castelán. Se comparamos estes datos cos obtidos ás preguntas relacionadas co uso habitual (apartado 3), no conservatorio elévase o uso do castelán incluso nas persoas que manifestaban un uso habitual en galego ou máis galego. O ambiente castelán confirmase pois como causa principal para non falar en galego, refrendando os resultados obtidos á pregunta Por que non fala en galego?

Na gráfica obsérvase perfectamente esa diferenza entre a parte esquerda e dereita da mesma, que indica unha absoluta prevaleta do castelán sobre o galego:



### 5.2.1. *Que lingua emprega para a atención ao público?(Persoal non docente)*

En consonancia coa pregunta anterior, o persoal non docente mantén ese bilingüismo con prevaleta do castelán sobre o galego. O 66,67% emprega máis o castelán, fronte ao 33,33% que emprega máis o galego.

Que lingua emprega para a atención ao público?	
	PAS
Máis castelán	3
Máis galego	2
Só castelán	1
Só galego	0
<b>Total xeral</b>	<b>6</b>

A opción de *só castelán* representa un 16,6% mentres que a opción de *só galego* non é respondida por ninguén.



### 5.2.2. Que lingua emprega na clase? (Persoal docente)

O profesorado opta maioritariamente polo castelán para impartir as súas clases.

Que lingua emprega na clase?	
	PROFESORADO
Máis castelán	23
Só castelán	20
Máis galego	2
Só galego	12
En branco	5
<b>Total xeral</b>	<b>62</b>

Se sumamos as opcións de *só castelán* e *máis castelán* resulta unha porcentaxe do 69,36% fronte ao 22,58% das opcións sumadas de *só galego* e *máis galego*. O galego pois é unha opción minoritaria con respecto ao castelán para a impartición de aulas aínda que cómpre salientar que o 19,35% afirma impartir as súas clases unicamente en galego.




### 5.2.3. *Se o profesorado se dirixe a ti na clase en galego, pareceche: (Alumnado)*

Á vista dos resultados da enquisa parece claro que o alumnado é favorable á utilización do galego dentro das aulas.

Se o profesorado se dirixe a ti na clase en galego, pareceche:		
	ALUMNADO	Total xeral
Ben	269	269
Indiferente	85	85
Mal	2	2
En branco	20	20
<b>Total xeral</b>	<b>376</b>	<b>376</b>

Ao 71,54% parécelle ben que o profesorado utilice o galego na clase, un 22,61% amósase indiferente ante a lingua que o profesorado empregue na clase, e parécelle mal soamente ao 0,63% que o profesorado dea as clases en galego.



### 5.3.1. *Que lingua emprega para a redacción de notas externas? (Persoal non docente)*

Como vén sendo habitual neste colectivo o bilingüismo é a opción maioritaria, pero nesta ocasión, ao contrario do que sucedía en preguntas anteriores, prodúcese unha inclinación ao galego. O 66,66% do persoal non docente redacta as súas notas en galego: o 33,33% máis en galego e o 33,33% só en galego. A opción do castelán é minoritaria. Só un 33,33% utiliza máis o castelán, mentres que só castelán non é escollido por ninguén.

Que lingua emprega para a redacción de notas externas?	
	PAS
Máis castelán	2
Máis galego	2
Só galego	2
Só castelán	0
<b>Total xeral</b>	<b>6</b>


Nesta ocasión son as opcións do galego as máis escollidas. Parece que mentres na expresión oral son maioritarias as opcións de castelán, na expresión escrita son maioritarias as opcións de galego. Seguramente a condición oficial de moitos destes escritos fai que o galego se imponha ao castelán.

### 5.3.2. *Que lingua emprega para a preparación do material para clase? (Persoal docente)*

Neste caso, vemos unha polarización nos datos, onde os valores maiores están no monolingüismo en castelán ou en galego.

Que lingua emprega para a preparación do material para clase?	
PROFESORADO	
Máis castelán	13
Máis galego	7
Só castelán	19
Só galego	18
En branco	5
<b>Total xeral</b>	<b>62</b>

Igual que acontecía cos usos da lingua, o castelán imponse ao galego, pero tamén é certo que un 29,03% emprega só o galego para a preparación dos materiais de aula. As opcións de *máis castelán* (20,97%) e *só castelán* (30,65%) suman 51,62% fronte ao 40,32% das opcións de *só galego* e *máis galego*.



Con respecto á pregunta *No caso de impartir máis dunha materia, indique o número delas que imparte en castelán e en galego*, moi poucas persoas responderon a esta pregunta, e as que o fixeron puxeron o total de materias sempre na mesma lingua, ou castelán ou en galego, polo que esta

cuestión non aportou máis información da que xa obtivemos coa pregunta anterior.

### 5.3.3. *Que lingua empregas para coller apuntes na clase? (Alumnado)*


Neste colectivo vemos unha tendencia clara ao castelán. Aínda que con maior peso do bilingüismo xa que a suma das opcións bilingües é a que acada máis respostas, o castelán segue sendo a lingua favorecida.

Que lingua empregas para coller apuntes na clase?	
	ALUMNADO
Máis castelán	166
Só castelán	137
Máis galego	36
Só galego	13
Branco	24
<b>Total xeral</b>	<b>376</b>

En total a porcentaxe dos que se decantan por estas opcións intermedias é do 53,72%, sendo a opción de *máis castelán* (44,15%) moito máis avultada que a opción de *máis galego* (9,57%).

Tamén observamos que a pesar de que os materiais son preparados exclusivamente en galego nun 29,03% segundo afirma o profesorado, os apuntes do alumnado están en galego tan só nun 3,46%, o que fai pensar que o castelán é a lingua na que con maior facilidade se escribe, confirmando as porcentaxes analizadas anteriormente sobre competencia lingüística (apartado 2.2).

Sorprende tamén neste apartado a cantidade de respostas en branco, un total de 22 persoas, que supoñen un 6,38% do total.





## 6. Preguntas sobre actitudes lingüísticas no Conservatorio.

Á pregunta de *Que lle parece que se potencie o uso do galego no conservatorio?* Os resultados obtidos foron os seguintes:

Que lle parece que se potencie o uso do galego no conservatorio?	ALUMNADO	PAS	PROFESORADO	Total xeral
Ben	275	6	45	326
Indiferente	75	0	12	87
Mal	8	0	1	9
En branco	18	0	4	22
<b>Total xeral</b>	<b>376</b>	<b>6</b>	<b>62</b>	<b>444</b>


Como vemos, a actitude cara á potenciación do uso do galego no conservatorio é positiva, cunha porcentaxe total do 73,42% das persoas que afirmaron que lles parece *ben*. Os resultados neste caso son parellos cando os comparamos coas respostas dadas á pregunta 4.2 sobre a potenciación do uso do galego en xeral. Obsérvase unha actitude negativa nun 2,03% das persoas enquisadas, que responderon que lles parecía mal a potenciación do uso do galego no centro.

Para o alumnado, mentres que a potenciación do uso do galego en xeral parecíalle *mal* a un 1,33%, cando matizamos esa potenciación no conservatorio, a porcentaxe incrementase un pouco, chegando ao 2,13%. No caso do profesorado (1,61%) e do persoal non docente (0%), a porcentaxe mantense exactamente igual.

O número de persoas indiferentes con respecto ao punto 4.2 aumenta no caso do alumnado, que pasa do 17,29% a un 19,95%, e mantense igual no caso de profesorado (19,35%) e persoal non docente (0%).

Quizais o máis sorprendente con respecto a esta pregunta é a cantidade de respostas en branco, un 5,41% do total, mentres que no apartado 4.2 soamente responderon en branco un 0,26%.

Así pois, a porcentaxe de enquisados que amosa unha actitude positiva ao feito de que se potencie a lingua galega no seu centro é do 100% no colectivo do persoal non docente, do 73,44% no colectivo do alumnado e do 72,58% no colectivo do profesorado.




## 7. O condicionamento do xénero nos resultados da enquisa

Existe unha diferenza considerable no alumnado, cunha matriculación máis alta de mulleres (324 alumnas) que de homes (252 alumnos). No colectivo do persoal non docente, tamén existe unha diferenza considerable: son un total de 8 persoas, das que 6 son mulleres e 2 son homes. En canto ao profesorado este número está máis igualado contando o conservatorio con 35 mulleres e 38 homes. En canto á participación na enquisa, mulleres e homes participan por igual á hora da realización das mesmas: a participación ascende a un total de 66,84% de mulleres e un 66,09% de homes. En total 7 persoas deixaron en branco esta pregunta, o que supón un 1,06% que non especificaron o xénero.

Centrándonos principalmente nalgúns preguntas relacionadas coas competencias, usos e actitudes con respecto á lingua galega para analizar a existencia ou non de condicionamentos de xénero nos resultados das mesmas, estes foron os resultados:


Con respecto á pregunta *que lingua usa habitualmente?*, non atopamos tendencias diferenciadoras con respecto ao xénero.

Que lingua usa habitualmente?				
	M	H	Branco	Total xeral
Máis castelán	157	124	5	286
Máis galego	23	16		39
Só castelán	62	49	1	112
Só galego	1	3	1	5
Branco	1	1		2
<b>Total xeral</b>	<b>244</b>	<b>193</b>	<b>7</b>	<b>444</b>




Con respecto ás preguntas sobre competencias, comparando as 4 preguntas sobre o grao de dificultade para falar, escribir, entender e ler o galego, vemos que nas tres primeiras, as mulleres afirman ter unha lixeira maior competencia que os homes. A máxima diferenza atopámola na primeira, onde os homes afirman en máis ocasións ter *algunha dificultade* para falar en galego que as mulleres (39,38% e 33,61% respectivamente), e as mulleres afirman en maior medida non ter *ningunha dificultade* para falar en galego que os homes (63,93% e 58,03% respectivamente)


Que grao de dificultade ten para falar en galego?				
	M	H	Branco	Total xeral
Algunha	82	76	1	159
Moita	5	4	1	10
Ningunha	156	112	5	273
Branco	1	1	0	2
<b>Total xeral</b>	<b>244</b>	<b>193</b>	<b>7</b>	<b>444</b>




Que grao de dificultade ten para escribir en galego?				
	M	H	Branco	Total xeral
Algunha	86	78	2	166
Moita	6	4	1	11
Ningunha	152	111	4	267
<b>Total xeral</b>	<b>244</b>	<b>193</b>	<b>7</b>	<b>444</b>



Que grao de dificultade ten para entender o galego?				
	M	H	Branco	Total xeral
Algunha	22	24	1	47
Moita	2	1	0	3
Ningunha	220	168	6	394
<b>Total xeral</b>	<b>244</b>	<b>193</b>	<b>7</b>	<b>444</b>




Que grao de dificultade ten para ler o galego? fila				
	M	H	Branco	Total xeral
Algunha	23	16	0	39
Moita	2	4	1	7
Ningunha	219	173	6	398
<b>Total xeral</b>	<b>244</b>	<b>193</b>	<b>7</b>	<b>444</b>



Analizando cada unha das preguntas e engadindo a variable de xénero, non atopamos diferencias significativas. Engadimos a modo de exemplo, os datos con respecto á valoración sobre a potenciación do uso do galego no conservatorio:

Que lle parece que se potencie o uso do galego no Cmus?				
	M	H	Branco	Total xeral
Ben	180	141	5	326
Indiferente	49	36	2	87
Mal	2	7	0	9
Branco	13	9	0	22
<b>Total xeral</b>	<b>244</b>	<b>193</b>	<b>7</b>	<b>444</b>



## Conclusións

Como lingua habitual do centro imponse o castelán para toda a comunidade educativa, cunha tendencia maior no caso do alumnado. A pesar de que o castelán é a lingua de uso maioritario tanto para profesorado como para alumnado e persoal non docente, cómpre sinalar que as condicións xerais parecen apropiadas para que o EDLG desenvolva o seu labor de dinamización no mesmo.

Ao non ter análise de datos anteriores no conservatorio, non é posible analizar se estes datos amosan cambios ou non con respecto ao uso do galego no centro. En estudos posteriores poderemos trazar esa liña de aumento ou diminución de falantes, analizar mellora ou empeoramento de competencias lingüísticas, etc.

É importante subliñar que aínda que a maioría dos membros da comunidade educativa non tiveron o galego como unha das súas linguas iniciais, si hai unha porcentaxe importante, principalmente no alumnado, que afirma ter aprendido a falar nas dúas linguas (galego e castelán). Isto, unido a que en xeral consideran que teñen un bo dominio da lingua (na fala, na escrita, na comprensión e na lectura), fai que teñan a capacidade de expresarse na nosa lingua se se potencia adecuadamente o seu uso.

Na maioría dos casos, a principal razón pola que non se fala galego é pola existencia dun ambiente castelán falante, non por unha actitude negativa cara a lingua. Isto significa que potenciar un ambiente galego falante no Conservatorio podería conseguir que os galego falantes non tiveran que cambiar a lingua para relacionarse cos demais membros da comunidade, e mesmo que máis xente se decantase polo galego. Isto parece confirmarse co dato que indica que a maioría dos enquisados responde sempre en galego se se lles fala en galego.

As actitudes cara ao fomento do uso do galego e cara ao propio uso do galego no Conservatorio son maioritariamente positivas, aínda que con matices, como xa fixemos constar. Tamén é positiva a actitude cara á aprendizaxe ou mellora do idioma.

Con respecto ao condicionante de xénero, non atopamos diferencias

significativas nas respostas, tanto con respecto ao uso como na competencia e actitude fronte á lingua galega.

Por todos estes motivos, cómpre que o EDLG siga traballando para aumentar a presenza do galego no Conservatorio e crear un contorno que favoreza o seu uso, tanto nas actividades lectivas como non lectivas. Deste xeito, entendemos que camiñaríamos para acadar un dos seus obxectivos principais: que a lingua galega se converta nunha lingua de uso e relación habitual no Conservatorio.